

COLEXIO DE CERVO

PDI "CERVO ALÉN DE EUROPA:



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Erasmus+

UNITED THROUGH CREATIVITY"

Rúa Pedrouzo, s/n - 27891 -

Cervo (Lugo) Teléfono: 982870207

Enderezo Electrónico:

ceip.cervo@edu.xunta.es

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/>

**COORDINADO POLA BIBLIOTECA DO COLEXIO DE CERVO,
BIBLIOCERVO, EN COLABORACIÓN CO EQUIPO ERASMUS +**

- A. INTRODUCCIÓN
- B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN
- C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.
- D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.
- E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.
- F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.
- G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.
- H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.
- I. AVALIACIÓN.
- J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A. INTRODUCCIÓN.

1. Contextualización e xustificación

O Colexio de Cervo está situado na vila do mesmo nome, na Mariña Lucense, a carón do complexo artístico e industrial de Sargadelos; o cal imprime dunha personalidade especial ao centro. Somos un colexio rural e pequeno, dunha soa liña, cunha matrícula de 119 alumnos e alumnas procedentes da capitalidade do concello, das súas parroquias e dos concellos limítrofes. O claustro está formado por 16 mestras e mestres, a maioría definitivos, o que facilita a continuidade no traballo nos diferentes proxectos nos que levamos inmersos nos últimos anos, así como a coordinación entre o profesorado. Sempre participamos en proxectos de formación e de innovación, normalmente baixo a coordinación da biblioteca, o noso centro creativo de aprendizaxes.

No ano 2008 comezamos a formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, no 2010 recibimos o Premio de Boas Prácticas do MEC e o curso, 2016/2017, foinos outorgado o Premio Autonómico ao traballo por proxectos coordinados pola biblioteca escolar. Tamén ese mesmo ano fomos elixidos para participar no **Proxecto Escornabots**, que estamos a desenvolver actualmente conxuntamente con outros centros da nosa comunidade.

A casi ausencia de libros de texto no noso centro lévanos ao traballo por proxectos con carácter interdisciplinar, global e anual, baixo a coordinación da biblioteca e que desenvolve todo o alumnado do centro. Nestes cursos son moitos os proxectos interdisciplinares que fomos desenvolvendo, pero cabe resaltar o feito de que nestes últimos anos a multialfabetización do noso alumnado, o traballo colaborativo e o impulso dos campos do coñecemento do ámbito científico e tecnolóxico tiveron especial protagonismo.

Cabe destacar tamén, que o noso colexio se atopa dentro da Rede de Centros Abalar e Edixgal, co cal contamos cos recursos precisos para o desenvolvemento desta tipoloxía de actividades ademais de favorecer a implementación destas metodoloxías activas de aprendizaxe coas que o alumnado está plenamente familiarizado. Como cada curso o profesorado do colexio, ao completo, traballou nun proxecto global de centro que se chamou **“CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY”**, que coordinou a biblioteca, segundo as liñas prioritarias (Anexo VIII do PLAMBE XIII) aprobadas a finais do curso pasado. Tratouse dun Proxecto Documental Integrado, e como tal tivo carácter interdisciplinar. Desenvolveuse de xeito integrado no currículo de todas as áreas e de todos os niveis constituíndo o eixe vertebrador do proceso de E-A e de todas as actividades que se programaron e levaron a cabo no centro; non só por parte do Equipo de Biblioteca, senón que estivo relacionado bidireccionalmente co Proxecto Erasmus + K219 que estamos a desenvolver. Do mesmo xeito, os demais equipos de coordinación docente programaron as súas actividades en función do mesmo, de xeito coordinado e ofrecendo a súa perspectiva.

Estamos moi orgullosos de que **os nosos proxectos non sexan só un proxecto de biblioteca senón que constitúen un proxecto de centro** e así se recolle dentro do Plan Anual de Lectura e da PXA. Nos obxectivos específicos da Programación Xeral Anual do curso facíase especial mención a este proxecto. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/benvidos-ao-novo-curso-2017-2018.html>

2. Planificación para a súa integración no currículo

Este proceso comezou no mes de xuño do curso pasado. Foi durante este mes cando o equipo de biblioteca definiu as directrices sobre as que se ía asentar este proxecto, que foi presentado ao claustro e ao consello escolar para a súa aprobación, polo seu carácter vinculante. A partir dese momento comezou un arduo proceso a través do cal se artellaron os mecanismos precisos para coordinarnos cos diferentes equipos e departamentos, posto que todos remamos nunha mesma dirección.

Para satisfacer as demandas do profesorado e do resto da comunidade educativa, así como para facilitarles o acceso ao proxecto, a biblioteca encargouse de actualizar e ampliar os fondos bibliográficos e audiovisuais para o seu desenvolvemento, buscar recursos dixitais e centralizalos no blog, elaborar materiais e organizar obradoiros de formación de usuarios, ALFIN, trípticos de recomendacións lectoras, actualizar os Itinerarios Lectores e programar as actividades complementarias a desenvolver. Este Plan anual facilitóuselle ao profesorado no mes de setembro de xeito que o puideron incorporar ás súas programacións de nivel. Asimesmo incluíuse na PXA e o mestre responsable da biblioteca incorporouse á CCP. Así pois, no 1º trimestre perfiláronse e concretáronse o groso do deseño das tarefas e actividades e no 2º e 3º trimestre aplicáronse, tratando de integralo en todas as áreas do currículo, dos diferentes niveis. Para isto, a parte das reunións que leva a cabo o Equipo de Biblioteca tamén facemos xuntanzas do equipo docente, tanto de Infantil como de Primaria, periódicamente, a instancias da Xefatura de Estudos onde se fan propostas e se concretan as actividades para o seu desenvolvemento.

Segundo a folia de ruta que nos marcamos anualmente decidimos de novo realizar **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN** que nos facilitarían e nos aseguraran o cumprimento dos nosos obxectivos. Estamos firmemente convencidos da necesidade de formarnos cada día no ámbito da innovación educativa, en especial porque potencia as metodoloxías activas de aprendizaxe e isto nos serve de apoio e soporte para o noso quefacer diario e, por suposto, para acadar os nosos obxectivos neste eido. Ten especial importancia para facilitar e afianzar os lazos entre o profesorado, que contribúen á mellora da coordinación entre profesionais e crea un clima apropiado para o desenvolvemento do proxecto. Neste senso, cabe resaltar que a coordinadora do PFPP é a mesma que a Responsable da Biblioteca e que un 60% do claustro, un **70% do Equipo de Biblioteca**, e as 2/3 partes do equipo directivo, á súa vez compoñentes doutros departamentos tales como EDLG e TIC-ABALAR-EDIXGAL, participamos simultaneamente nun PFPP que constou de dúas actividades. A primeira delas foi **“Curso de modelaxe en 3D e programación Mindstorm”** e a segunda foi un grupo de traballo que levou por título: **“Integración didáctica das linguaxes de programación e das TAC nun contexto de multialfabetización (relacionado co Erasmus + & Biblioteca Escolar)”** <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/proxecto-de-formacion-en-centros-pfpp.html>

Ao mesmo tempo un membro do equipo de biblioteca acudiu aos **ENCUNTROS** de Bibliotecas propostos, así como a diversos cursos sobre metodoloxías activas de aprendizaxe como ABN e outros. Tamén colaboramos co **CEFORE** a través da impartición de diversas docencias sobre a integración do proxecto escornabots no currículo e no noso centro.

Con carácter xeral propuxémonos, ao inicio do curso escolar o seguinte:

- **Potenciar e mellorar a coordinación do profesorado do centro, creando un clima propicio de traballo e o emprego de metodoloxías activas, a través do Plan Lector, do PAL e das distintas propostas da biblioteca.**

Como metodoloxía de traballo facemos reunións conxuntas para programar e preparar as actividades, ademais de transmitir as novidades e informacións, para proceder á toma de decisións. Deste xeito favorécese a comunicación e a implicación do claustro nas actividades da biblioteca. No Equipo hai mestras de case todos os “ciclos”, titores e especialistas que transmiten as informacións ao resto do profesorado. Tamén ten especial relevancia a presenza de parte do Equipo Directivo dentro do Equipo de Biblioteca, así como de membros do EDLG, Abalar-Edixgal e do Equipo Erasmus. O proxecto global, coas súas **actividades temporalizadas**, incorporouse a todas as programacións didácticas de nivel e das especialidades; así como á Programación Xeral Anual. Isto permitiunos que todo o proxecto se desenvolvese correctamente ao longo de todo o curso e acadar un alto grado de satisfacción na consecución dos nosos obxectivos.

- **Sistematizar as actividades de formación de usuarios, fomento de lectura, educación documental ou para o acceso á información, entre outras, iniciadas ata agora:**

Continuamos facendo actividades de formación de usuarios en todos os cursos de infantil e primaria. Non se trata só de facer actividades puntuais posto que estamos convencidos de que os usuarios se forman día a día, principalmente cando o sistema de traballo implica á biblioteca directamente; constituíndo ésta o núcleo de toda actividade. Así ben, tamén organizamos unhas sesións iniciais encamiñadas a esta formación, dirixidas ao alumnado e ao profesorado, centrando especialmente a nosa atención naqueles membros da comunidade educativa de nova incorporación ao centro. Estas sesións estiveron dirixidas por membros do Equipo de Biblioteca e temporalizadas durante unha semana, en horario lectivo, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos. Os aspectos traballados neste senso versaron sobre a organización e as normas da biblioteca, a CDU, alfabetización informacional e multialfabetización empregando os fondos da biblioteca, busca no catálogo, usando os recursos aos que se pode acceder a través do programa Meiga na páxina da biblioteca (cada vez menos), recursos do blog da biblio, coñecemento de páxinas web das aulas (<https://aulacacatua.jimdo.com/>, <http://englishbulebule.blogspot.com/>), coñecemento do site onde recompilamos os materiais elaborados (<https://sites.google.com/site/cervoalendeeuropa/home>), etc. Este curso, principalmente con 5º e 6º de Primaria, fixemos especial incapié en favorecer que sexan usuarios responsables da rede e respecten os dereitos de autoría á hora de elixir música ou imaxes para os seus traballos documentais. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/actividades-de-formacion-de-usuarios.html>

Por outra banda, tamén volvimos a organizar as nosas **XORNADAS ESCORNABÓTICAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS**, que de novo durante unha semana permitiron que o alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria ensinasen, por quendas na Biblioteca, ao resto do alumnado como funcionan os escornabots, que beneficios nos aportan e como se pode “xogar” con eles. Para iso utilizaron os taboleiros que foron creando eles mesmos ao longo do curso pasado e durante o primeiro trimestre deste curso, sobre Europa e os nosos “países amigos” do Erasmus+. Así facilitamos a incorporación ás aulas das nosas **Mochilas Escornabóticas**, que conteñen: un escornabot, taboleiros de diferentes contidos, fichas didácticas dos mesmos, dados e un Lego para construír. Actualmente temos dúas en préstamo na biblioteca. Por primeira vez, este ano, organizamos tamén os **ROTEIROS 3 D**; coa finalidade de que todo o alumnado coñecera de primeira man o funcionamento e manexo da Impresora 3 D, que se atopa situada no noso recanto maker.

Por outra banda, como todos os anos, o día de inauguración da Biblioteca aproveitamos para dar os carnés aos novos lectores, as chapas da nosa mascota, PUCA, botar a andar as mochilas viaxeiras, as caixas cos itinerarios lectores, os marcadores de libros que publicitan o novo proxecto global; facendo deste acto toda unha cerimonia pública.

3. Alumnado/Profesorado.

Participou o **100% do alumnado e do profesorado**, dende infantil ata primaria. Algunhas áreas estiveron máis implicadas, como por exemplo a de artística, Investigación e Tratamento da Información e as linguas, como se pode comprobar no apartado seguinte, onde se fai referencia aos contidos curriculares e competencias nos que se incidiu. A pesar diso tamén se integrou o Proxecto dentro das Matemáticas, Valores Cívicos e as ciencias sociais.

4. Referencia aos contidos curriculares, competencias básicas, estándares e criterios de avaliación.

Para a integración da nosa biblioteca e do noso proxecto no currículo partimos, principalmente, do RD 126/2014 do 28 de febreiro e o Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o Currículo de Primaria en Galicia, e que explicita que son sete as competencias clave que o alumnado debe adquirir progresivamente e nas que incidimos, do xeito seguinte, grazas ao desenvolvemento deste proxecto:

1. Competencia en Comunicación lingüística, porque facilita o diálogo, a conversación e a expresión oral, escrita e plástica das experiencias e emocións. Amplía as posibilidades de comunicación cos demais e de expresión persoal mediante a utilización de diferentes recursos. Axuda a buscar, seleccionar e procesar a información bibliográfica, mediática, tecnolóxica e audiovisual, a comprender textos literarios e tecnolóxicos, e incorporamos a linguaxe da programación a través da cal o alumnado aprende a dar sinxelas instrucións aos nosos robots (Lego e Escornabots). Tamén aprenderon a manexar diversas fontes de información e recursos, a gozar vendo, escoitando, lendo, relatando, argumentando, programando, construíndo e xustificando os procesos desenvolto. Contribúe a formar un espírito crítico e a ampliar o léxico referido a ámbito STEAM e ao coñecemento do noso continente e a nosa realidade plurilingüe.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, porque axudoulle ao alumnado a interpretar a realidade a través da información dispoñible, utilizar e relacionar os números, medidas, o tempo, a secuenciación, a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. Tomaron conciencia do espazo, das unidades de medida e da xeometría básica aplicada á práctica. Incluímos o manexo do GPS e os termos de xeolocalización e xeorreferencias, traballando a latitude e lonxitude de diversos emplazamentos do noso pobo e de Europa.

3. Competencia dixital ao facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver os problemas reais que se propoñían relacionados coa robótica e a programación, pero tamén usando todas aquelas tecnoloxías da información e a comunicación e aumentativas do coñecemento das que dispoñemos para o desenvolvemento dos diferentes PDI propostos pola biblioteca. Isto axudanos a formar persoas autónomas, eficaces, responsables, críticas e reflexivas ao seleccionar, tratar e utilizar a

información e as súas fontes, así como no uso das distintas ferramentas tecnolóxicas e de aplicacións sinxelas para levar a cabo estas tarefas.

4. Competencia para aprender a aprender. Axuda a saber transformar a información en coñecemento propio, a ser perseverantes na aprendizaxe, administrar o esforzo, auto avaliarse e auto regularse. Afrontar a toma de decisións de forma crítica e reflexiva. Adquirir responsabilidades e compromisos persoais, confianza en si mesmo.

5. Competencias sociais e cívicas, Axuda a percibir e comprender o mundo no que viven, gozando del e valorándoo, a comprender sucesos e desenvolver actividades dirixidas á mellora e preservación das condicións de vida propia e das demais persoas. Procuramos incorporar habilidades para que se desenvolvan adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal no ámbito do traballo colaborativo, posto que se traballa en grupo en moitas actividades, incluso con alumnado doutros países ou con diversidade funcional, valorando os traballos e ideas dos demais nun contexto inclusivo. Necesitamos usar habilidades de cooperación para conseguir un produto final e iso leva parello ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.


6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Porque o alumnado adecuou os proxectos e as súas producións ás súas capacidades. Afrontou os problemas. Aprendeu dos erros. Buscou as solucións. Planificou proxectos persoais. Sacou conclusións. Estableceu diálogos. Autoavaliouse. Fomentouse a confianza en si mesmo e o espírito de superación. A toma de decisións con criterio propio.

7. Conciencia e expresións culturais, mostraron curiosidade cara ás diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais do seu propio entorno e dos diferentes países europeos, en xeral. Valoraron a cultura e tradicións do lugar onde vivimos e gozaron descubrindo as tradicións doutros países. Participaron de xeito creativo na realización e construción de maquetas, de creacións Lego e Meccano así como de sinxelas producións artísticas ligadas á súa experiencia persoal, aos seus sentimentos e á súa contorna, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.

En canto aos **obxectivos específicos** marcados para este curso, en relación co proxecto **coordinado pola Biblioteca**, pódese reseñar que permitiu, **cun alto grado de satisfacción:**

- Potenciar o uso de metodoloxías activas e facilitar a súa integración na aula.
- Enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado.
- Integrar no currículo gran variedade de linguaxes nun contexto de Multialfabetización, facendo especial fincapé na linguaxe de programación Mindstorm (5º e 6º EP)
- Apoiar e reforzar o Proxecto Escornabots integrándoo no currículo, en especial a través da área de Libre Configuración (ITI)
- Considerar Bibliocervo como un “centro creativo de aprendizaxe” onde o alumnado “aprende facendo”.
- Facilitar a competencia ALFIN/AMI do noso alumnado a través da programación de múltiples actividades de investigación e tratamento da información.
- Favorecer a coordinación entre todos os órganos de coordinación docente, mellorando a participación dos diferentes membros da comunidade educativa no proceso de E-A.
- Trascender fronteiras e recoñecer o valor lingüístico e cultural doutros países alén de Cervo.
- Atender á diversidade ordinaria e do alumnado con neae nun contexto de inclusión.
- Servir de motor cultural para a Comunidade Educativa.

OS NOSOS CARTACES DE REFERENCIA!



B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

A promoción e dinamización dos recursos faise con propostas de actividades onde éstes se teñan que empregar: xogos de preguntas, traballos documentais, trípticos de novidades, por temáticas... Fomentamos o uso das tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento para a realización das diferentes actividades, en colaboración co P. Abalar, facendo uso dos medios que temos no colexio e na biblioteca. Fanse actividades conxuntas na biblioteca con carácter didáctico e acordes ao PEC, PXA, PLC, PAL e PDI, e que están integradas nas Programacións de cada nivel educativo. A nosa andaina xirou en torno a varios eidos fundamentais, algúns dos cales xa son unha seña

de identidade do noso colexio e non queremos abandonar: **CREATIVIDADE NA EXPRESIÓN ESCRITA**, **DESENVOLVEMENTO E POTENCIACIÓN DAS LINGUAS PROPIAS E DO MARCO COMÚN EUROPEO** (integración do PROXECTO ERASMUS), **ACTIVIDADES ALFIN/AMI SOBRE EUROPA**, centrándonos especialmente no seu PATRIMONIO CULTURAL E ARTÍSTICO, **O PROXECTO ESCORNABOTS** e a súa integración no currículo, a **POTENCIACIÓN DE APRENDIZAXES DO ÁMBITO STEM** co Movemento Maker e a colaboración con IGACIENCIA, **USO E DESENVOLVEMENTO DAS TIC/TAC NA BIBLIOTECA** e por último a **INTEGRACIÓN DE TODOS OS PROXECTOS DO CENTRO NO PROXECTO INTERDISCIPLINAR COORDINADO POLA BIBLIOTECA**, que levará por título: **“Cervo Alén de Europa: United Through Creativity”**. Este proxecto, que desenvolveu todo o colexio en ámbalas dúas Etapas, será **coordinado pola Biblioteca**, potenciando e facilitando a súa integración no currículo; o cal nos servirá para enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado. Eleximos este tema para continuar o traballo que se vén realizando no centro, dende hai anos, de apoio ao Arte e á creatividade, así como o ABP, á integración de novas linguaxes de programación na biblioteca e no currículo e ao traballo coordinado de todos os departamentos nun único Proxecto Xeral de Centro. Este ano toma especial relevancia, a parte do Proxecto Escornabot o Proxecto Erasmus +, posto que estamos á espera da concesión dun K219.

Cremos que esta gran variedade de linguaxes e de ámbitos de actuación configura un dos pilares fundamentais para o traballo das **Alfabetizacións múltiples e da aprendizaxe por competencias**.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Como xa se mencionou anteriormente, foi no mes de xuño do 2017 cando se perfilaron as liñas prioritarias que fan constituir este

proxecto e logo, no mes de setembro realizouse unha programación exhaustiva das actividades a desenvolver ao longo de todo o ano en torno ao Proxecto **“CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY”** e aos diferentes meses temáticos. Este documento, que configuraba a nosa folla de ruta, trasladóuselle a todo o equipo docente no claustro de inicio de curso e déuselle a coñecer tamén ao Consello Escolar. Posteriormente, a través das xuntanzas coas familias das titorías transmitéuselles ás familias.

A biblioteca tamén fixo propostas de actividades, que organizou e xestionou para que cada nivel as puidera adaptar á súa programación e ás súas necesidades. A continuación poñemos algún exemplo, que posteriormente desenvolveremos:

- Profundamos no **COÑECEMENTO DA UNIÓN EUROPEA**, para o cal elaboramos materiais **ALFIN/AMI na biblioteca** a través dos nosos: Puca quere saber... Tamén recompilamos informacións de interese que subímolos o site para que estiveran a disposición da comunidade educativa.
- ACTIVIDADES COLABORATIVAS COAS FAMILIAS: **“ ALBUM FOTOGRÁFICO DIXITAL DO PATRIMONIO CULTURAL, NATURAL E ARTÍSTICO DO NOSO CONCELLO” (OUR SETTINGS)** . Nel **incluímos** unha lenda ou poema nas diferentes linguas e a súa **XEORREFERENCIA**, para relacionalo coa declaración da ONU, do 2018 como o Ano Internacional do Turismo Sostible, **O NADAL EN EUROPA: COSTUMES E TRADICIÓNS**, ACTIVIDADE DA MICRORREDE DA MARIÑA: as nosas Superheroínas, etc
- **ALFIN/AMI SOBRE A VIAXE DO BEAGLE DE DARWIN E A ORIXE DAS ESPECIES**, en colaboración co tema proposto por IGACIENCIA.
- **MOVEMENTO MAKER**: Cada nivel construíu unha **maqueta tecnolóxica dalgún dos monumentos máis representativos de Europa**, introducíndolles luz ou movemento dependendo do nivel educativo. **Incluimos a súa xeolocalización, e investigamos sobre a súa historia e proceso de construción**. Posteriormente realizamos a posta en común, o 30 de novembro.
- **ALFIN/ AMI SOBRE DIVERSOS PAÍSES EUROPEOS**, centrámonos especialmente en POLONIA, PORTUGAL, GRECIA, TURQUÍA, LITUANIA E RUMANÍA, por ser os nosos colaboradores no Erasmus. A partir dos recursos ofrecidos pola biblioteca, e despois de dar un **PASAPORTE DA UNIÓN EUROPEA a cada alumno**, cada nivel elixiu un país e realizou un PUCA QUERE SABER SOBRE..., como produto final, despois da investigación e tratamento da información, obtivemos unha pequena presentación, un folleto turístico, un video... que dimos a coñecer ao resto do colexio na **FEIRA TRADICIONAL EUROPEA, que organizamos o 9 de maio**, por ser o Día de Europa, no que o alumnado ademais de aprender moitas cousas puido ir selando o seu PASAPORTE.
- A área de Libre Configuración foi **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN: PROXECTO ESCORNABOTS E IMPRESIÓN 3D**. Fixemos unha programación didáctica específica para esta área, a través do PFPP, e ademais da linguaxe de programación Arduino tamén seguiremos introducindo ao alumnado na linguaxe Mindstorm para o traballo cos robots LEGO. Nesta área desenvolvimos unha actividade chamada: OS ESCORNABOTS COÑECEN EUROPA e elaboramos taboleiros e fichas didácticas para as diferentes actividades.

O site onde se recompilan os materiais elaborados para a posta en práctica das actividades e os recursos precisos é: <https://sites.google.com/site/cervoalendeuropa/home>

Fomentouse a metodoloxía por proxectos dentro das diferentes áreas. Para o seu desenvolvemento, como soe ser habitual en nós, **o profesorado actuou de “Regulador Mediático”** e ensinou ao alumnado a ligar as súas producións ás vivencias persoais e aos sentimentos. A biblioteca, ademais das propostas anteriores, programou **outras actividades conxuntas**, relacionadas con este PDI: presentación deste novo proxecto ao alumnado, cerimonia de entrega de chapas e carnés a novos lectores, entrega dos PASAPORTES DA UNIÓN EUROPEA, ambientación do colexio, das aulas e da nosa mascota (PUCA), exposición de bibliografía específica, recreos de ciencia, de poesía, de paz, de arte... na biblioteca, organización dos diferentes obradoiros e actividades nomeadas con anterioridade, etc.

Nas festas e conmemoracións tivemos presentes os diferentes eidos nos que se asentaba o noso Proxecto Interdisciplinar. Distribuindo como cada ano as temáticas con carácter mensual, previa explicación das actividades a través do correo periódico que Puca mantén co alumnado dos diferentes niveis. Recordar que a nosa distribución temática é a seguinte: **European Month** (porque o día 26 de setembro conmemoraremos o Día Europeo das Linguas con videoconferencias internacionais e crearemos o EUROPEAN CORNER), **Mes do Medo, Mes da Ciencia, Tempo de Nadal, Mes da Paz, Mes do Amor, Mes da Poesía, Mes do Libro, Mes das Letras e Mes da Arte.**

As actividades deseñadas e desenvoltas agrúpanse da seguinte maneira:

- EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA E A NOSA ORGANIZACIÓN. A CONFIGURACIÓN DE BIBLIOCERVO COMO **«laboratorio creativo de aprendizaxes»**.
- EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR, EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA E HABILIDADES DE USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN.
- EN RELACIÓN COA SÚA INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E COA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN
- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (*Inclúese Proxecto Escornabots*)
- EN RELACIÓN COS AVANCES HACIA UNHA ESCOLA INCLUSIVA.
- EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS E INSTITUCIÓN

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

● Secuenciación e temporalización das actividades, cartas anunciadoras de Puca, marcador promocional e **cartaz** do proxecto.

● Guías e boletíns: **Nadal, Paz, lecturas para traballar as emocións**, Xogar en Galego, **verán...**

● **Calendario “Lendas Alén de Europa”**

- [Día da Biblioteca Escolar: Conto “ O peor libro do mundo”](#)
- [Club de lectura: A Segunda Guerra Mundial](#)
- Día da Ciencia en Galego: [Darwin e Domingo Fontán \(xeorreferencias\)](#)
- Pasaportes Europeos: Infantil e Primaria
- Programacións de Investigación e Tratamento da Información: linguaxes de programación e impresión 3D.
- Caderno de [retos Lego- MindStorm](#).
- Semana da prensa: [Noticieiro](#) “Cervo Alén de Europa” e Xornal “Nin Quito nin Poño”,
- Actividades AMI-ALFIN (Puca quere saber sobre...):
 - A [Unión Europea1](#), [Unión Europea 2](#)
 - O [Big Ben](#), a [Torre Eiffel](#) e o [Arco do Triunfo](#). Marcador.
 - As nosas lendas alén de Europa: Os [Biosbardos](#), a [Lavandeira](#), a [Cova do rei Cintolo...](#) Colaboración con [galiciaencantada.com](#)
 - [Rosalía de Castro](#)
 - [Polonia](#)
 - [As mulleres galegas na historia](#)
- [Escornabots en Polonia](#)
- [Pasapalabra sobre Polonia](#)
- [European Fear: Europe Day May 2018](#)
- [Little Red Riding Hood](#)
- Fotos varias
- Enquisas de Avaliación. Avaliación visita a [Grecia](#) do noso alumnado.

E. RELACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO AO LONGO DO PROXECTO



2.1 EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA E A NOSA ORGANIZACIÓN. CONFIGURACIÓN DE BIBLIOCERVO COMO «LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES».

Da organización e xestión encargouse o equipo da biblioteca e a responsable baixo a supervisión da xefatura de estudos; e sempre co respaldo de todo o Equipo Directivo. A inicios do proxecto fixemos entrega ao alumnado do **NOSO PASAPORTE EUROPEO**. Este documento acreditaba ao noso alumno como participante do proxecto e animábao a “viaxar” polos diferentes países, descubriendo os trazos principais das súas paisaxes, tradicións e cultura. A medida que íamos pasando etapas do proxecto o alumnado tiña que ir recompilando a información precisa para que Puca lle fora selando a súa participación activa.



A comunicación co alumnado foi fluída, constante e **motivadora**, posto que é **PUCA**, a alma da nosa biblioteca, a que mantén unha correspondencia continuada co alumnado. Cada mes ou dous meses o alumnado recibe unha carta no buzón da súa clase onde se lles anticipan as actividades que se van a realizar esa tempada e incluso lle poden responder deixando as súas suxerencias no buzón da biblioteca. Isto, para nós, é moi importante porque os nenos e nenas consideran a Puca como unha igual e téñenlle moitísimo cariño a ese “ratiño/a” que día a día os anima a facer, a ler, a experimentar, a descubrir, a crear... e constitúe unha fonte de motivación moi importante no noso colexio. Cada ano Puca caracterízase axeitadamente en función do PDI elixido, este ano apareceu vestida co traxe “de cotío” tradicional galego.

A responsable, coa axuda do equipo de biblioteca, coordinou o equipo, fixo propostas de actividades, velou de cubrir as necesidades de fondos documentais, de libros de lectura, buscou recursos na web que se centralizaron no blog nun “site específico”, preparou a información e os materiais para facilitarlos ao profesorado, mantivo unha boa comunicación co equipo docente, xestionou e actualizou o blog, potenciou a formación continua do profesorado e foi a mediadora entre a biblioteca e o exterior. A encargada da biblioteca tamén continuou sendo a coordinadora do Plan de Formación en Centros para o profesorado. Cada titor/a foi o responsable de facer o empréstimo na hora semanal que lle correspondía, con independencia de que este tamén se puidera realizar nos recreos. Nese tempo, ademais, o alumnado fixo traballos, actividades de alfabetización informacional e mediática, formación de usuarios, lecturas colectivas ou libres, exposicións, xogos de construción (Lego, Meccano), uso do Escornabot, montaxe de maquetas... O Equipo de Biblioteca reunímonos un mínimo de dúas veces ao mes en sesións de tarde, máis unha a maiores, por semana, con motivo do PFPP. Tamén realizamos sesións conxuntas, nas que participa todo o claustro, alomenos unha ou dúas veces ao mes, en función das necesidades do centro. Ao longo de todo o ano tamén **creamos e fomos actualizando un site dentro do blog da biblioteca onde recolleemos todos os recursos** que se van precisando e elaborando para o bon desenvolvemento do proxecto no que estamos inmersos, ademais de actualizar o propio blog da biblioteca. O enderezo web é o seguinte: <https://sites.google.com/site/cervoalendeueuropa/home>. Consideramos importante resaltar que a nivel de organización, cada vez tendemos máis a deseñar actividades nas que o alumnado dos diferentes niveis da Primaria se organiza en grupos mixtos e colaborativos e funcionamos a través de OBRADOIROS DE TRABAJO con idades mixtas de 6 a 12 anos. Formamos grupos de entre 16-17 alumnos/as que á súa vez se estruturan en grupos colaborativos de entre 4-5 nenos/as misturando as idades; de maneira que os maiores sempre axudan aos pequenos e tamén se intenta favorecer a atención á diversidade nun contexto inclusivo. Tamén valoramos especialmente as fases de posta en común, pola gran relevancia que ten este aspecto á hora do traballo baseado en competencias e en relación coas metodoloxías activas de aprendizaxe.

2.2 EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR, EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA, HABILIDADES DE USO E TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DA INFORMACIÓN.

Este curso continuamos coas **MOCHILAS VIAXEIRAS** e cos **ITINERARIOS LECTORES** para cada nivel que foron revisados a principios de curso para adaptarse ao alumnado dos diferentes niveis e atendendo as neas. Tamén lles dimos os **PASAPORTES DE LECTURA, DE CINE** e **PASAPORTE EUROPEO** ao alumnado para que os foran cumplimentando ao longo do curso. A partir dos libros de lectura

sempre animamos a que se elaboren **FICHAS DE LECTURA CREATIVAS** que despois poñen en común co resto do alumnado e incluso constitúen un agasallo moi prezado por aquelas escritoras e escritores que veñen a visitarnos.

Seguimos como ata o de agora implementando a **HORA DE LER** nas aulas en función dos horarios preferidos polas diferentes titorías, a instancias da Xefatura de Estudos, pero mantendo un mínimo de 20 minutos de lectura sostida e silenciosa ao día. Continuamos coa incorporación das **MOCHILAS ESCORNABÓTICAS** á nosa biblioteca como un medio para facilitar que os escornabots e a súa linguaxe de programación puidera chegar a todo o alumnado e a todas as áreas.



Seleccionamos as lecturas idóneas para o traballo das áreas lingüísticas (Lingua Galega e Lingua Castelá), en ausencia de libros de texto; para os diferentes niveis e etapas. Creamos materiais didácticos de apoio para o seu traballo e tivemos a fortuna de contar con moitos dos autores dos libros que propuxemos para o noso Plan de Lectura, de xeito que **o noso alumnado vai tendo a súa propia biblioteca de pequenos tesouros nos seus fogares**. Este ano visitáronos: **Marcos Calveiro** “Raro”, **Antía Yáñez** “O misterio de Portomarín”, **María Canosa** “Muriel” e “A cazadora de estrelas”, **Irene Rega** “Si me pierdo, tú me encuestras”, **An Alfaya** “A ánfora exipcia” e un **contacontos** sobre o libro “Cores”, “Os petos de Loreto”... de Kalandraka Editora. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/sesion-de-contacontos-coa-ed-kalandraka.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/encontros-coas-escritoras-antia-yanez-e.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/unha-semana-de-visitas.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/cervo-alen-de-europae-chegamos-exipto.html>

Editamos **BOLETÍNS INFORMATIVOS E DE NOVIDADES** polo día das Bibliotecas Escolares, polo Nadal, polo Día da Paz e tamén fixemos recomendacións lectoras para o verán pero a través de recursos audiovisuais: <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/06/recomendacion-lectora-para-o-veran.html>

Organizamos, programamos e desenvolvimos un **CLUBE DE LECTURA** para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria, baixo o título “**Literatura clásica europea**”. Elaboramos un documento cunha proposta de lecturas, despois da reflexión do equipo, e presentámoslles ao alumnado; que foi o encargado de votar o preferido. Saiu elixido “**AS CRÓNICAS DE NARNIA**”, por ampla maioría. Este club de lectura desenvolveuse os venres de 12:00 a 12:30 e foi dirixido por tres mestras do equipo de biblioteca. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/club-de-lectura-las-cronicas-de-narnia.html>

Repetimos as tempadas temáticas por orde cronolóxico, realizando **EXPOSICIÓNS TEMÁTICAS TEMPORALES** e organizando unha serie de actividades que xa temos sistematizadas ano tras ano: **European Month** (porque o día 26 de setembro conmemoramos o Día Europeo das Linguas con videoconferencias internacionais e creamos o EUROPEAN CORNER), **o mes do medo** (Lendas na Mariña Lucense), **o mes da ciencia** (Darwin, Domingo Fontán e as xeorreferencias & creación de maquetas de monumentos emblemáticos (os nosos proxectos maker), **tempo de Nadal** (Traballo colaborativo coas familias sobre tradicións europeas), **o mes da Paz** (Sadako e as mil grullas e a Segunda Guerra Mundial), **mes do amor e de Rosalía de Castro** (karaoke de amor, “Instagál” e Chíos nos recreos, Rosalía ilustrada...), **mes da poesía** (homenaxe a Manuel Antonio, recreos de poesía, semana da prensa: o noso noticieiro “Cervo Alén de Europa”, ALFIN sobre mulleres galegas na historia...) **mes do libro** (Apadriñamentos, “A Mariña pensando en feminino” (actividade colaborativa coa Microrrede da Mariña...), **mes das letras** (María Victoria Moreno, aniversario de Puca e entrega de Diplomas aos Devoradores de libros...) e **mes da arte galega na escola** (Roteiro das linguas: A LINGUA É ARTE).

EUROPEAN MONTH: SETEMBRO. Conmemoramos **O DÍA EUROPEO DAS LINGUAS** para concienciar e poñer en valor a riqueza que significa ter tanta diversidade lingüística e a necesidade de conservala. Aproximadamente, en Europa fálanse máis de dúscentas linguas, das cales son oficiais vinte e catro. Dentro do Proxecto Anual, ao longo da semana do 26 de setembro, realizáronse actividades en colaboración co resto dos países amigos do ERASMUS, como unhas vídeoconferencias con Grecia e Turquía por parte do alumnado de 5º e 6º, onde o alumnado participante falou cos compañeiros do ERASMUS. Tamén aproveitamos para profundar na nosa lingua e creamos un vídeo chamado: **O GALEGO É O NOSO! Nos seguintes enlaces pódense ver os traballos realizados:** http://englishbulebule.blogspot.com/2017/10/dia-europeo-das-linguas_16.html / <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/dia-internacional-das-linguas.html>

O MES DO MEDO: OUTUBRO. Ao longo do mes de outubro traballouse o tema do MEDO, o SAMAÍN e o HALLOWEEN na aula Bulebule de inglés, cos recursos que temos recompilados na biblioteca e no blog, o cal constitúe un dos nosos Entornos Virtuais de Aprendizaxe. Para finalizar o mes, o día 31 fixemos OBRADOIROS DE COCIÑA que nós chamamos monstruosa. Como xa ven sendo habitual no cole, organizamos grupos de nenas e nenos interniveis: por unha banda os de Ed. Primaria e por outra os de Ed. Infantil. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/obradoiros-de-cocinamonstruosa.html>

O MES DA CIENCIA EN GALEGO: NOVIEMBRE. Dende as **BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA** contamos cunha serie de **RECOMENDACIÓNS** e **RECURSOS** para traballar ao longo do mes. Tamén puidemos ler o **MANIFESTO** que escribiu a investigadora **Peregrina Quintela Estévez**. En BIBLIOCERVO puxémonos mans á obra e adecuamos a zona de exposicións da biblioteca acollendo unha mostra de carteis que descargamos da páxina de **IGACIENCIA** e mercando libros sobre DARWIN e sobre DOMINGO FONTÁN, os científicos que queríamos dar a coñecer a noso alumnado e sobre os que traballar este mes. <http://bibliocervo.blogspot.com/search?updated-max=2017-11-15T12:39:00Z&max-results=7&reverse-paginate=true>

TEMPO DE NADAL: DECEMBRO. Nestas datas editamos boletíns de recomendacións lectoras e tamén creamos un documento para achegar aos nenos ao “XOGO EN GALEGO”, coa colaboración do EDLG. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/recomendacions-de-bibliocervo-para-o.html>

MES DA PAZ: XANEIRO. A biblioteca editou un boletín sobre este día e sobre a Unión Europea, centrándonos no seu lema. Como se

di nas diferentes linguas? A nosa finalidade era dalo a coñecer a todos os membros da nosa comunidade educativa e concienciar no respecto ás diferentes culturas, na tolerancia e na non violencia. Aproveitamos para incluír bibliografía recomendada sobre esta temática e mandámolo para todas as casas.


MES DO AMOR: FEBREIRO. Este é un mes no que se levan a cabo moitas actividades, moitas delas xa as mencionamos posteriormente polo tanto aquí só vou reseñar unha que levamos anos desenvolvendo e que ao alumnado lle gusta especialmente. Chamámoslle o KARAOKE DE AMOR, se vén pode parecer unha actividade exclusivamente lúdica nós consideramos que a través dela se traballan moitas das habilidades sociais do noso alumnado, tales como a empatía, a asertividade, a autoconfianza e a retroalimentación ou feedback. Isto fai que se reforcen os lazos de unión entre a comunidade educativa e se favoreza a convivencia e a inclusión. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/karaoke-de-amor-europeo.html>

MES DA POESÍA: MARZO. Durante este mes, ademais dos RECREOS DE POESÍA, sobre os que xa se profunda máis adiante, así como da conmemoración da Semana da Prensa; tamén celebramos os DÍAS MUNDIAIS DA ÁRBORE E DA AUGA, en colaboración coa Deputación de Lugo e o Concello de Cervo. A primeira institución mandounos uns exemplares para a ler sobre a Reserva da Biosfera os Ancares lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá para Ed. Infantil e outros titulados “A auga, o dragón e o salgueiro” para Ed. Primaria. Pola súa banda do Concello de Cervo tivemos a visita do técnico de Medio Ambiente, co que fixemos un xogo por grupos, de identificación das árbores do colexio, partindo dun libro dos Bolechas. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/dias-mundias-da-arbore-e-da-auga.html>

MES DO LIBRO: ABRIL. Como cada ano o día 23 de abril celebramos o Día do Libro como xa é costume no colexio, co apadriñamento lector. Os nenos e nenas maiores, de 3º, 4º, 5º e 6º apadriñan aos nenos e nenas de Ed. Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria. Os días previos realízase un sorteo para ver quen son os afillados/as, logo ten lugar todo un proceso de investigación para coñecer os gustos literarios dos afillados levado a cabo coa axuda das titoras e co maior segredo posible para que sexa toda unha sorpresa. Por fin, o día dos apadriñamentos xuntámonos todos no patio interior e cada padriño vai collendo aos seus afillados para buscar un sitio axeitado onde poder lerlles os libros. Si fai bo día, o campo de fóra e o patio de infantil son os lugares preferidos e como este ano lucía o sol, case todos estaban por fóra, enchendo o campo de fermosas imaxes. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/apadriñamento-lector-no-dia-do-libro.html>

MES DAS LETRAS: MAIO. Durante este mes no cole realizamos moitas actividades para conmemorar o DÍA DAS LETRAS GALEGAS, adicado este ano a Mª VICTORIA MORENO. Algunhas delas son a habitual exposición bibliográfica, a asistencia a unha representación teatral sobre a obra de “Leonardo e os Fontaneiros”, previa lectura do libro polo alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, a iniciativa da biblioteca, as Pezas Únicas que explicaremos posteriormente no apartado de colaboracións, a elaboración e agasallo de marcadores lectores ao noso alumnado co gallo desta data, as novas verbas máxicas baseadas no libro “Memorias dun neno labrego”: *Eu son Balbino, un rapaz de aldea*. Esta última actividade enlázaase con outra que naceu da coordinación do EDLG e o equipo de biblioteca, a través da cal queriamos recuperar a lectura dos clásicos da nosa cultura entre o noso alumnado. Escribimos unha carta a diferentes escritores e escritoras galegos para que colaboraran con nós facendo un pequeno video onde leran un anaqueño desta obra e explicaran brevemente porque foi importante para eles ou os recordos que lles transmite este libro. Aínda estamos en proceso de edición e contamos incorporalo ao blog nos próximos días a modo de recomendación de lectura para o verán. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/feliz-dia-das-letras-galegas.html>. O último día do mes de maio tamén celebramos como todos os anos o ANIVERSARIO DA NOSA MASCOTA, PUCÁ; que xa cumpriu 11 anos. Aproveitamos para facer toda unha festa, pola importancia que para nós ten. Tamén entregamos ao alumnado os Diplomas de Devoradores de libros e realizamos unha xuntanza. Este ano ademais tamén entregamos as novas chapas feitas para a ocasión.

MES DA ARTE: XUÑO. O día do 1 de xuño de cada ano conmemoramos no noso colexio o DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA e este curso quixemos facer algo diferente, aproveitando o contexto onde nos estivemos movendo. Organizamos o **NOSO ROTEIRO DAS LINGUAS**, porque a **LINGUA É ARTE** e queriamos provocar un achegamento do noso alumnado á multiplicidade semiótica que existe e á diversidade lingüística. Así conseguimos que ao longo deste día cada grupo de alumnos tivera a oportunidade de realizar obradoiros SIMULTÁNEOS de Portugués, Francés, Italiano e Éuscaro. Foi unha xornada inolvidable e moi gratificante.



2.3 EN RELACIÓN COA SÚA INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E COA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN



PROXECTO DOCUMENTAL SOBRE “AS NOSAS LENDAS ALÉN DE EUROPA”

Como todos os anos, de xeito coordinado co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, no mes de outubro, desenvolvimos o

traballo documental (ALFIN) previo á edición do noso **CALENDARIO ANUAL** (<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/calendario-2017-lendas-alen-de-europa.html>) sobre o PDI. Este ano a temática son as LENDAS ALÉN DE EUROPA e aproveitamos para investigar sobre as Covas do Rei Cintolo, o Apalpador, os Biosbardos, os Trasgos e outros moitos personaxes e contos da nosa TRADICIÓN POPULAR GALEGA, coa finalidade de dala a coñecer ao alumnado dos nosos PAÍSES AMIGOS cos que este ano estamos a colaborar: Rumanía, Portugal, Lituania, Grecia, Polonia e Turquía. Usamos recursos da biblioteca para buscar información e realizar a proposta de actividades que PUCA nos deixou. Entre eles, a páxina de **GALICIA ENCANTADA** que coordina Antonio Reigosa. Este pequeno proxecto documental levouse a cabo de xeito colaborativo co alumnado de Infantil e Primaria, polo mes de outubro. Tratábase de que cada nivel elixira unha lenda, investigara sobre ela, na área de Lingua Galega, e elaborara un produto final plástico ou audiovisual que presentamos no noso FESTIVAL DE LENDAS ALÉN DE EUROPA na Biblioteca e que recollimos no noso CALENDARIO ANUAL. Aquí pódense ver os recursos elaborados: <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/as-nosas-lendas-alen-de-europa.html>

★ ALFIN/AMI SOBRE DOMINGO FONTÁN E DARWIN

Con motivo da conmemoración do VIII DÍA DA CIENCIA EN GALEGO, que este ano IGACIENCIA adicou a Domingo Fontán e Darwin; a nosa biblioteca editou uns **materiais de educación documental** encamiñados a que o alumnado coñecera a figura destes grandes científicos e que se pode descargar do noso site.

Esta actividade podíana realizar os nenos e nenas durante os RECREOS DE CIENCIA durante o mes de novembro, en grupos colaborativos e internivel; ou podíana levar a cabo co seu titor/a dentro da aula valéndose dos recursos da biblioteca.

Tiñamos especial interese en introducir termos como **xeorreferencia** e **xeolocalización** posto que este era o paso inicial para outra actividade que iamos a acometer tamén neste mes. Isto era, continuar co movemento maker no noso colexio a través da construción de maquetas de diferentes monumentos emblemáticos europeos, previa investigación sobre os mesmos e xeolocalizalos nun mapa colaborativo que se insertaría no blog. Sobre isto profúndase noutro apartado. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/novembro-mes-de-ciencia-en-galego.html>

★ CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Con motivo do 25 de novembro fixemos unha exposición bibliográfica de libros que fomentan a igualdade de xénero e que destacan o empoderamento da muller. Gusáronnos especialmente os libros de “Pioneiras”, “Valerosas” e a colección “Mulleres bravas da nosa historia”. Fixemos máis actividades arredor desta temática, unha delas colaborativa entre todo o alumnado e profesorado que se xuntou para cantar entre todos a canción de “CHEA DE VIDA” de Guadi Galego e que tamén signamos coa LSE, para atender á diversidade. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/25n-dia-internacional-contra-violencia.html>

VIDEO CANCIÓN: <https://www.youtube.com/watch?v=P5HddLwzG8o>

★ **PUCA QUERE SABER SOBRE... OS ANIMAIS.** Na aula de 3º estiveron investigando sobre os animais empregando os fondos bibliográficos de consulta da biblioteca. Neles buscaron as respostas ás dúbidas e preguntas e moitas curiosidades sobre os animais. Con toda a información recompilada fixeron uns fermosos "lapboks" ou portfolios, con textos e imaxes que se despregan, debuxos, etc, onde queda moi visible todo este arduo traballo de investigación!

★ **PUCA QUERE SABER SOBRE... A 2ª GUERRA MUNDIAL E A HISTORIA DE SADAKO .** Con motivo da conmemoración do Día da Paz a biblioteca propuxo unha actividade baseada no libro A LENDA DE SADAKO E AS MIL GRULLAS e na 2ª GUERRA MUNDIAL, cada aula tivo á súa disposición este libro de lectura e máis recursos no blog para proceder ao análise do contexto e da historia. Tamén se fixo unha actividade colaborativa nas sesións de plástica de todos os niveis. Os nenos e nenas descubriron o que era o Origami e a Papiroflexia e crearon cadansúas grullas de papel que logo montamos nun móbil no European Corner baixo o lema: UNIDOS NA DIVERSIDADE. Como non, tamén lles falamos do que foi o movemento hippie... e viñemos caracterizados para a ocasión.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/01/dia-escolar-da.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/01/carta-de-puca-xaneiro-e-febreiro-2018.html>

★ PUCA QUERE SABER SOBRE... ROSALÍA DE CASTRO

Fixemos unha actividade de ALFIN/AMI con carácter colaborativo durante os recreos para conmemorar o DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO, como cada 24 de febreiro. Para dita ocasión a biblioteca, en colaboración co EDLG, editou materiais específicos que estiveron a disposición do profesorado por si querían utilizalo dentro das aulas.

Tamén durante ese mes, e por iniciativa do EDLG se levou a cabo unha actividade colaborativa coas familias que levou por título: Rosalía Ilustrada e tratábase de deseñar e crear a caricatura de Rosalía dunha maneira creativa, usando calquer tipo de material. Como casi sempre acontece, colaborou unha gran porcentaxe das familias e logo fixemos unha exposición no centro. Unha vez retirada confeccionárase un libro que se incorporará aos fondos da Biblioteca, na sección de materiais de elaboración propia.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/02/24-de-febreiro-dia-de-rosalia-de-castro.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/rosaliando-no-cole-de-cervo.html>



★ SEMANA DA PRENSA

En realidade nós non limitamos a semana da prensa a unha sola semana, senón que a estivemos a traballar ao longo de todo o trimestre. Dende a biblioteca organizamos unha Exposición con xornais europeos, a nosa colección a día de hoxe abrangue gran parte dos países do mundo e en multitude de linguas. Fómolos recompilando coa axuda de toda a comunidade educativa, profesorado, pais e nais e alumnos/as que cando van de viaxe non se olvidan de traernos de agasallo un xornal ou revista para a nosa hemeroteca.



Con estes xornais nas aulas realizáronse diferentes traballos, análise de artigos periodísticos, partes dunha noticia, coñecemento da xeografía mundial e diversidade lingüística.

Ademais foron moitas as clases que colaboran co programa Prensa Escola da Voz de Galicia e participan no seu concurso anual. Tamén durante o terceiro trimestre estivemos inmersos no proceso de documentación, redacción e edición dos artigos do noso propio xornal: "NIN QUITO NIN POÑO". Neste mes tamén recibimos a visita do programa [A Revista da TVG que veu a facer unha reportaxe na aula de 6º de primaria](#) sobre a colaboración da asociación ASPANANE. Tamén estivemos a facer o noso propio noticieiro: "Cervo alén de Europa" e aprendimos que é, para que serve e como funciona unha croma! O video co resultado final inclúese nos materiais. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/gravando-gravandoo-noso-noticieiro.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/06/noticiario-cervo-alen-de-europa.html>

★ PUCA QUERE SABER SOBRE... MANUEL ANTONIO

Con motivo do mes da poesía, aproveitamos para profundar sobre a figura deste poeta. Fixemos unha exposición bibliográfica ao respecto e convidamos ao alumnado a participar nos **RECREOS DE POESÍA**, unha das actividades que mellor acollida teñen entre o noso alumnado. Tratábase de que en pequenos grupos o alumnado se apuntara voluntariamente para buscar, aprender e recitar poemas deste autor ou doutros da súa preferencia. Ademais aproveitamos para traballar a PUBLICIDADE, posto que os participantes tamén teñen que crear a súa propia campaña publicitaria invitando aos seus compañeiros a ir oílos á biblioteca. Este ano, coa colaboración do EDLG, tamén podían poñer **chíos**! Tamén editamos materiais ALFIN para vir profundar sobre a figura de Manuel Antonio durante os recreos, de xeito voluntario. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/recreos-de-poesia.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/recreos-de-poesia-aula-4-anos-de.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/moita-poesia-nos-recreos-da-biblio.html>

★ PUCA QUERE SABER SOBRE... AS MULLERES GALEGAS NA HISTORIA

Con motivo da conmemoración do Día da Muller Traballadora desenvolvimos durante os recreos na biblioteca, de xeito voluntario, un pequeno traballo documental sobre algunhas das mulleres galegas máis representativas da historia. O EDLG en colaboración co Equipo de Biblioteca editou o material ALFIN sobre esta temática. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/8-de-marzo-dia-da-muller-traballadora.html>

★ ACTIVIDADES ALFIN/AMI SOBRE A UNIÓN EUROPEA E OS DISTINTOS PAÍSES EUROPEOS

Para a última parte do proxecto cada aula tivo que investigar sobre un dos nosos países amigos do proxecto Erasmus +, é dicir, Lituania, **Polonia**, Rumanía, Portugal, Grecia e Turquía. Foi un arduo traballo que se levou a cabo dentro das aulas, de xeito integrado nas programacións, durante o segundo e terceiro trimestre de maneira simultánea ao desenvolvemento doutras moitas actividades que xa fomos detallando. O equipo de biblioteca colaborou establecendo as directrices principais do traballo e editando diferentes materiais para contribuir á adquisición da competencia informacional do noso alumnado así como a través da sumministración dos recursos que se lle foron solicitando, tanto tecnolóxicos como funxibles ou bibliográficos.

A posta en común deste traballo foi o 9 de maio, coincidindo co DÍA DE EUROPA; ocasión para a cal organizamos a NOSA FEIRA TRADICIONAL EUROPEA. Creamos taboleiros para traballar cos ESCORNABOTS, neste exemplo [VAN DE VIAXE POR POLONIA](#). ALFIN SOBRE A **UNIÓN EUROPEA 1 – UNIÓN EUROPEA 2 PASAPALABRA SOBRE POLONIA**

2.4 EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os escornabots, do que xa se elabora o seu informe específico, constitúen un recurso máis da nosa biblioteca encamiñado á potenciación da alfabetización múltiple do noso alumnado. Por este motivo están a disposición do centro, en préstamo, de xeito que o seu uso pode incorporarse directamente ao currículo das diferentes áreas. Tamén os recursos de apoio, como taboleiros e fichas didácticas, están dispoñibles do mesmo xeito, xestionados pola biblioteca; a cal intentou favorecer esta integración, tanto dos escornabots como da linguaxe de programación, a través da elaboración de diversos materiais e en especial da área de libre configuración, da que xa se falou.

★ PRESENTACIÓN DO NOVO PROXECTO NA BIBLIOTECA



En outubro realizamos dúas visitas conxuntas, Infantil e Primaria, á biblioteca. O día 9 fixemos unha gran cerimonia de apertura de BIBLIOCERVO. Este día informamos ao alumnado da planificación e programación das actividades que se ían a desenvolver ao longo do noso proxecto deste curso: "Cervo Alén de Europa: United Thought Creativity". Explicamos o funcionamento das Mochilas Viaxeiras, das Mochilas Escornabóticas, dos Itinerarios Lectores e Pasaportes de Cine, Lector e Europeo ... Tamén explicamos as normas de uso e o porqué da temática elixida este curso pola Asesoría de Bibliotecas: Aprender a pensar coa BE. Posteriormente, o **Día das Bibliotecas Escolares** (24 de outubro) volvimos a xuntarnos. Nesta ocasión festexamos o día explicando a importancia que

teñen as bibliotecas a través de varias presentacións e partindo dun conto titulado: "**En busca do peor libro do mundo**". Por outra banda este foi o día elixido para realizar a posta en común dos traballos de investigación que estiveron a realizar durante ese mes dentro das aulas arredor da Unión Europea e o Proxecto Erasmus. Cada clase levou á biblioteca o seu produto final e explicou todo o que aprendera, ata ese momento, aos seus compañeiros. No seguinte enlace podedes ver como se desenvolveu aquel día:

<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/dia-das-bibliotecas-2017.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=Cu1joY2gDL4&feature=youtu.be> .

★ ANTROIDO TRADICIONAL EUROPEO

Como cada ano, no noso cole estas datas aproveitámolas para estimular a creatividade do noso alumnado e para poñer en práctica metodoloxías colaborativas internivel. Organizámonos en 6 grupos mixtos de todas as idades, cada un deles dirixido por dous mestres/as e elaboramos os nosos propios disfraces, dentro do horario lectivo. Este ano, documentámonos sobre os traxes tradicionais europeos e disfrazámonos de países como LITUANIA, POLONIA, GRECIA, RUMANÍA, TURQUÍA E PORTUGAL. O

profesorado representamos á cultura tradicional galega.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/02/celebracion-do-antroidomoi-europeo.html>

★ MOVEMENTO MAKER NO COLE DE CERVO

No noso cole fai un par de anos sumámonos por primeira vez ao movemento Maker e encantounos, a grandes e



pequenos! Por este motivo e porque nos encanta que o noso alumnado "APRENDA



FACENDO" decidimos continuar este curso. Durante o mes de novembro cada clase elixeu un monumento emblemático europeo sobre o que investigar para posteriormente elaborar a súa maqueta e realizar un produto final que mostrar aos seus compañeiros na gran posta en común de finais de mes. Como non podía ser doutra maneira PUCA quixo saber como os fixeran, que materiais precisaron e como foi o proceso. Para axudar en todo este proceso a biblioteca, en colaboración con todos os mestres e mestras, editou uns materiais de AMI/ALFIN: PUCA QUERE SABER...COMO É O ARCO DO TRIUNFO, A TORRE EIFFEL, O COLISEO, O BIG BEN... e proporcionou os recursos precisos. Por suposto, este traballo estivo integrado no currículo dos distintos niveis. [http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/mes-](http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/mes-da-ciencia-e-os-proxectos-maker.html)

[da-ciencia-e-os-proxectos-maker.html](http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/mes-da-ciencia-e-os-proxectos-maker.html) .Para avaliar o proceso e as producións do alumnado o ano pasado creamos unha rúbrica que seguimos utilizando. Simultaneamente o alumnado, de xeito colaborativo, tivo que xeorreferenciar e introducir información de cada un dos seus monumentos nun mapa colaborativo creado para esta ocasión a través do google.maps.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/posta-en-comun-das-actividades-do-mes.html>

★ XORNADAS ESCORNABÓTICAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS E ROTEIRO 3D

Durante este curso os nenos e nenas maiores levaron a cabo sesións de formación de usuarios cos máis pequenos do cole. Así foron explicando, na biblioteca, como se pode "xogar cos escornabots" e como se poden programar coa botoneira. Aproveitaron para presentarlles tamén os diferentes taboleiros que foron elaborando nas sesións de Investigación e Tratamento da Información. Invitáronos a probar e xogar cos escornabots, para iso levaban tempo preparando as sesións. A experiencia foi todo un éxito e quedaron con ganas de máis. Da mesma maneira organizamos **Roteiros 3 D**, de maneira que aproveitamos para explicar o funcionamento da impresora 3 D e todos os nenos e nenas puideron ver como funcionaba e imprimía as pezas dos Escornabots. A biblioteca tamén incrementou a súa sección de bibliografía e audiovisuais relacionadas con esta temática.



<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/stemlab-galicia-e-xornadas-formacion-de.html>



★ A NOSA FEIRA TRADICIONAL EUROPEA: O DÍA DE EUROPA

Despois das actividades ALFIN/ AMI SOBRE DIVERSOS PAÍSES EUROPEOS citadas no apartado anterior, centrándonos especialmente en POLONIA, PORTUGAL, GRECIA, TURQUÍA, LITUANIA E RUMANÍA, por ser os nosos colaboradores no Erasmus; realizamos a posta en común dos nosos produtos finais. Houbo unha gran variedade deles: Lapbooks, folletos turísticos, trípticos informativos, fotografías, xogos cos escornabots, pasapalabras, murais e moitos outros.

Cada país tiña o seu stand, ao estilo FITUR, onde presentaba obxectos típicos do mesmo, a súa moeda, comidas tradicionais e moitas outras cousas.

O equipo da biblioteca, coa supervisión da Xefatura de Estudos configurou un horario para que no día do 9 de maio, coincidindo co día de Europa cada grupo de alumnos, ao longo das cinco horas lectivas, fixera un percorrido por cada un dos países sendo tanto como viaxeiro receptor como país acolledor que explica a súa idiosincrasia.

Unha vez que cada grupo de alumnos chegaba a cada stand recibían múltiples explicacións do traballado ata ese momento, eran agasallados con curiosidades do máis variado e así podían cumprimentar o seu PASAPORTE EUROPEO. Acompañáronos como oíntes neste día os membros da asociación ASPANANE, aos que convidamos gustosamente a participar desta experiencia.

Tamén contamos coa colaboración do IES de Foz (hostelería) que colaborou con nós facéndonos delicias tradicionais de cada un dos países, co cal os nenos e nenas tiveron a oportunidade de realizar un achegamento gastronómico ás costumes de cada cultura.

Tivemos tamén a oportunidade de recibir unha clase práctica da verdadeira Pizza Italiana, da man dun dos máis recoñecidos maestros pizzeros do mundo, que ata nos deixou a súa receita, desinteresadamente.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/aprendendo-facer-pizzas-cun-mestre.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/dia-de-europa-feira-europea-erasmus.html>

2.5 EN RELACIÓN COS AVANCES HACIA UNHA ESCOLA INCLUSIVA



A continuación móstranse só algunha das actividades máis representativas neste eido:

★ BIBLIOCERVO COLABORA NA VISIBILIZACIÓN DA “ EPIDERMÓLISIS BULLOSA”

Por segundo ano consecutivo volvimos a colaborar coa asociación [DEBRA](http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/a-biblioteca-contribue-coa-diversidade.html) na súa campaña de visibilización da enfermidade rara coñecida como Pel de Bolboreta. <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/a-biblioteca-contribue-coa-diversidade.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/hoxe-ponemos-as.html>

★ ACTIVIDADE COLABORATIVA “ESTÁ BEN SER DIFERENTES”

Con motivo da conmemoración do **Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro)**, o Departamento de Orientación, o Equipo de Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega da nosa escola, en colaboración coas mestras de pedagogía terapéutica Mila Castro do CEE María Mariño e Alba Rodríguez do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (As Neves) organizaron esta fermosa actividade de achegamento e respecto á diversidade. Comezamos traducindo ao galego e a pictogramas o libro [“Está ben ser diferentes” de Todd Parr](http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/esta-ben-ser-diferentes.html), para facilitar o seu acceso ao alumnado e solicitamos a participación de diferentes colexios da nosa Comunidade. Finalmente foron un total de 29 centros de toda Galicia os que participaron con nós na edición dunhas curtas que levan por título [“Está ben ser diferente” e “Está ben ter amigos diferentes”](http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/esta-ben-ser-diferentes.html). Estas curtas foron proxectadas na nosa biblioteca o luns, 4 de decembro de 2017 para conmemorar esta data. Aquí pódense ver as curtas así como a tradución do libro: <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/esta-ben-ser-diferentes.html>

★ “AUTÉNTICOS”. ACTIVIDADE COLABORATIVA COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE SÍNDROME DE DOWN.

Marzo é un mes moi especial, posto que empeza a primavera, celebramos o mes da poesía, o Día da árbore...e precisamente, tal día coma o 21 de marzo, celébrase o [DÍA MUNDIAL DO SÍNDROME DE DOWN](http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/autenticosdia-mundial-do-sindrome-de-down.html). Neste día a biblioteca recompilou bibliografía sobre esta temática e compartímolos a través do blog. Á vez, por iniciativa do DO, propuxémoslles ao alumnado e ás familias que se sumaran á campaña de Down España na súa campaña “Auténticos”, para aumentar a visibilidade das persoas con diversidade funcional e intelectual, e deste xeito, mellorar a súa inclusión social. Como no noso cole todos temos moi aprendido que todos somos diferentes, pero iguais mesmo quizais todos un pouco “Raros”, como nos di Marcos Calveiro, pois a campaña resultou un éxito e moitos viñemos cun calcetín de cada cor, ese día! <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/autenticosdia-mundial-do-sindrome-de-down.html>

★ ACTIVIDADE COLABORATIVA “O EMOCIONARIO VIAXEIRO”

O Emocionario Viaxeiro é unha actividade cooperativa organizada por dúas compañeiras do CEE Infanta Elena de Monforte de Lemos, e que se iniciou o pasado curso 2016/2017. Consiste en traballar a educación emocional a través da expresión plástica e encher unha caixiña viaxeira de ilustracións relacionadas coas emocións (alegría, medo, calma, tristeza, sorpresa...). A nosa escola acolleu a caixiña este curso pechando a súa andaina pola Mariña Lucense (logo de facer parada en Viveiro, O Vicedo, Celeiro, Covas...). Agora chegou ao seu novo destino, o CEE María Mariño de A Coruña que de seguro gozarán dos traballos que xa forman parte do emocionario e incluírán creacións fermosísimas e cheas de emocións!. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/o-emocionario-viaxeiro-despidese-da.html>

2.6. EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS E/OU INSTITUCIÓNS



Son moitas as actividades que a nosa Biblioteca leva a cabo en colaboración con outros departamentos ou institucións, algunhas xa as fomos nomeando integradas noutros dos apartados e tamén queremos destacar as seguintes:

★ CALENDARIO “CERVO ALÉN DE EUROPA” E AS PEZAS ÚNICAS

Como cada ano, polo mes de abril e maio, con motivo da conmemoración do Día das Letras Galegas, ademais das actividades entorno á autora homenaxeada, María Victoria Moreno, tamén realizamos unha actividade cun carácter moi especial para nós, promovida polo EDLG, en colaboración co Equipo de Biblioteca. O alumnado creou pequenos poemas relacionados co noso proxecto e ilustráronos. O tema deste ano era Galicia, a nosa terra e os sentimentos que nos embargan cando pensamos en estar lonxe dela. Logo numerámoslos e enviámoslos a asociacións de galegos emigrados en Madrid e en Londres, onde moi amablemente se prestaron a colaborar con nós repartíndoas entre os seus visitantes na semana das Letras Galegas. Pola parte traseira da peza única explicamos a actividade e convidamos aos receptores a darnos a súa opinión da actividade. Son moitas as respostas que estamos a recibir! Tamén os nosos compañeiros do equipo de EDLG foron dar conta desta fermosa actividade a Santiago de Compostela, dentro das Xornadas de EDLG. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/as-pezas-unicas-arte-e-lingua-no.html> / <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/feliz-dia-das-letras-galegas.html>



Outra actividade moi interesante foi a iniciación en “redes sociais” como o twitter e o Instagal do noso cole! <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/o-instagal-de-rosalia.html>

★ ACTIVIDADE COLABORATIVA COA MICRORREDE DA MARIÑA (PLAMBE): “A MARIÑA EN FEMININO”

Este ano, despois de múltiples xuntanzas, a actividade colaborativa da Microrrede da Mariña quedou definida baixo o título de “A MARIÑA, PENSANDO EN FEMININO”, que no noso centro tivo por eixo AS NOSAS SUPERHEROÍNAS, dende unha perspectiva artística e creativa.

A proposta para as familias foi que tratasen de crear unhas obras artísticas inspirándose no artista Joseba Muruzábal no seu proxecto “mulleres do rural”, pero introducíndolles ás fotos elementos propios da nosa idiosincrasia. A través dunha foto creativa o alumnado debería converter nunha superheroína a unha muller da súa familia, poñendo ao lado algún dos seus superpoderes, na liña de: “Miña avoa é capaz de sarchar a horta máis rápido que Usain Bolt ou miña nai consegue dormir a miña irmá en menos do que canta un galo”. Coma sempre, os resultados foron expostos en primeiro lugar no centro e posteriormente na Biblioteca Municipal de Viveiro. A verdade é que as obras artísticas quedaron espectaculares e non podemos máis que agradecerllelo ás familias. Esta actividade colaborativa tamén ten outra parte de dinamización moi importante,

posto que se crearon e organizaron actividades durante a semana previa ás letras galegas: coros con Guadi Galego, obra de teatro “Mamasíña que medo” coa compañía teatral Adala infantil e por suposto as diversas exposicións. Xa somos catorce os centros que estamos integrando esta rede a día de hoxe e colaborando nesta actividade que se desenvolve principalmente durante os meses de abril e maio, aínda que se está a organizar durante todo o curso. <http://microrredeamarina.blogspot.com/>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/mamasina-que-medo-marina-pensando-en.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/a-marina-en-feminino.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/04/a-marina-en-feminino-traballo.html>
<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/a-marina-pensando-en-feminino.html>

★ EN COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE INGLÉS, AS SECCIÓN BILINGÜES E O EQUIPO ERASMUS

Os fondos da biblioteca tamén resultaron de moita utilidade para o desenvolvemento do proxecto e-twinning : **“UNITED THROUGH CREATIVITY”** título que comparte o PDI do centro e que están bidireccionalmente relacionados, do mesmo xeito que co **Proxecto Erasmus** que estamos a implementar este curso. Son moitas as actividades que se fixeron de forma conxunta e coordinada, a continuación descríbese un que nos gustaría destacar, aparte dos que xa se mencionaran anteriormente como o Día das Linguas Europeas, os traballos de investigación ou a Feira Tradicional Europea.

- **“OUR SETTINGS”**: Dentro das actividades do PDI anual e do Proxecto Erasmus “Cervo Alén de Europa: United Thought Creativity” , propúxoselles ás familias unha actividade colaborativa que leva por título “Our Settings” ou “A Nosa Contorna”. Para levala a cabo enviouse unha carta explicativa da actividade, que consiste en realizar unha foto do lugar onde viven, pegala nunha cartolina branca tamaño A4, decorar o marco e traela ao cole antes do 10 de novembro. Posteriormente, as nenas e nenos de Ed. Primaria, na clase de inglés escribirían un poema dese lugar, mentras que os de Ed. Infantil ilustrarano con debuxos ou pictos. Finalmente, estes traballos serían dixitalizados para compartir cos nosos socios amigos do Proxecto Erasmus e así dar a coñecer a nosa contorna. No colexio fixemos unha exposición no “European Corner”. Aquí podedes consultar a carta explicativa: [“Our Settings” ou “A Nosa Contorna”](#)

★ EN COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para dar unha apropiada resposta á atención á diversidade do noso alumnado, os membros do Departamento de Orientación están en contínuo contacto co equipo de biblioteca para suxerirnos novos títulos de calidade ou para trasladarnos as súas necesidades, en función do alumnado con neae e dos proxectos documentais que están desenvolvendo en cada momento. A modo de exemplo, durante o curso, un dos proxectos que desenvolveron co alumnado con NEAE fundamentouse nunha adaptación do libro **O GRÚFALO**, que incluímos como anexo. Tamén colaboramos cos demais proxectos que se desenvolven no centro, tales como: Abalar, Edixgal, Voz Natura, Fomento do uso do galego, etc. Do mesmo xeito colaboramos coa ANPA, que este ano puxo como actividade extraescolar “Robótica”, co Centro de Formación de Profesorado e con outras institucións e organizacións ao longo do ano.

★ EN COLABORACIÓN CO PROXECTO DE VOZ NATURA


O Proxecto Voz Natura deste curso tivo como tema central o patrimonio cultural do Concello de Cervo. Para coñecelo mellor, pedímoslle colaboración á comunidade escolar co obxectivo de localizar algún resto de importancia no entorno do colexio e das vivendas. Ao mesmo tempo, localizáronse lugares ou restos xa inventariados por patrimonio que poderemos visitar e contribuír ao seu mantemento.

Elaboráronse unha fichas de recollida de datos parecidas ás do inventario patrimonial da nosa comunidade autónoma, que as familias cubriron unha vez localizado o e identificado o BEN. Atopáronse cruceiros, lavadoiros, castros, mámoas, petroglifos, muíños de man...

Os traballos recibidos espuxéronse no colexio e logo encadernáronse nun libro para así poder conservar e dar a coñecer o noso PATRIMONIO CULTURAL. <http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/actividade-de-investigacion-dentro-do.html>

F. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Os recursos utilizados e fontes consultadas fóronse mencionado ao longo da descrición das diferentes actividades. Cabe destacar que para o desenvolvemento deste proxecto cobran especial importancia os materiais de elaboración propia dos que fomos falando e que se recollen no site. Así ben, para a integración do noso proxecto e da biblioteca no currículo cobran especial relevancia as **exposicións das novidades** que se foron mercando ao longo do curso e das seleccións temáticas dos fondos, de acordo coa época do ano, as conmemoracións marcadas no calendario escolar e as peticións do profesorado en función dos pequenos proxectos documentais que se foron realizando, incluídos no noso proxecto xeral. Os fondos de consulta da biblioteca son moi demandados para traballar os **proxectos documentais de aula**, de diferentes áreas, xa que tanto en infantil como en Primaria apenas temos libros de texto. Tamén teñen especial importancia, por este mesmo motivo, a edición de materiais propios encamiñados á educación para a competencia en información. A biblioteca seleccionou recursos relacionados con este tema para incrementar os fondos da nosa biblioteca no referente a esta temática. Fixemos, coa axuda dos diferentes equipos e atendendo ás súas necesidades e recomendacións, unha **listaxe bibliográfica e audiovisual** apropiada como apoio ao desenvolvemento deste proxecto, tanto específica, **de consulta**, como **de literatura infanto-xuvenil** relacionada cos eidos de traballo.



A biblioteca ofertou eses recursos canto antes, para que o equipo docente puidera introducilos na súa programación. Ademais tamén introducimos variacións nos itinerarios lectores e nas exposicións temáticas, atendendo aos ámbitos de estudo e ás conmemoracións, pero sempre segundo as necesidades dos titores e especialistas.

Editamos boletíns de recomendacións lectoras con títulos que fomos incorporando aos nosos fondos e, como se dixo, fomos utilizando todas aquelas fontes precisas para o desenvolvemento de cada actividade, anteriormente descrita.

A biblioteca escolar proporcionou unha gran axuda á aula de lingua estranxeira tanto con volumes en papel coma en filmes. Empregámoslos tanto para os niveles de infantil como de primaria, sobre todo na etapa de primaria. Algúns títulos que teñen moito éxito nos primeiros cursos son 'The New Baby', 'Monkeying Around', 'Pancakes, Pancakes', 'Sharing a Shell', 'The Very Busy Spider', 'aprendo Inglés con 'Cat and Mouse. Come To My House', 'Farmer Duck', 'Can't You Sleep Little Bear?', etc. Ao igual que 'O Grufalo', 'Winnie The Witch' ou 'This is Australia'. Tamén empregamos libros de lectura colectiva como 'Circles and Squares', 'Lost', 'Double Trouble' e 'Wonderful Wild Animals' entre outros.

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A comunidade educativa estivo implicada neste proxecto participando nas propostas do colexio, organizando actividades de maneira directa e sempre buscando a colaboración e a coordinación coa biblioteca.

A participación do profesorado e do alumnado é do 100% e ademais é moi destacable a alta porcentaxe de familias que colaboran en todas aquelas iniciativas que lles propoñemos e que ronda o 90% de participación activa. Algunhas destas actividades foron: “**O Nadal en Europa**”, “**As nosas Superheroínas**”, “**Our Settings**”, “**O patrimonio cultural de Cervo**”, “**Rosalía Ilustrada**”, o “**Roteiro das linguas**”, a “**Feira Tradicional Europea**”, “**Roteiro de aprendizaxe creativo a través do xogo**”, “**Noticieiro Cervo Alén de Europa**”...sen olvidarnos do seu importante papel no desenvolvemento do “**IV Festival Musical do Pedrouzo**” que fixemos o 20 de xuño.

Como xa se veu mencionando ao longo do proxecto, a pesar de que a súa coordinación lle corresponde á biblioteca, trátase dun proxecto de centro e polo tanto todos os departamentos e equipos de coordinación docente contribúen a uns mesmos obxectivos, ofrecendo os seus recursos e o seu punto de vista á hora de programar e colaborar nas actividades.

Cobra este ano especial relevancia a implicación do Equipo do proxecto Erasmus, dos que varios membros son á vez membros do Equipo de Biblioteca. O mesmo acontece co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo Abalar-Edixgal e o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Outros exemplos de colaboración son, por exemplo:

En colaboración co programa ALIMÉNTATE BEN, dentro do Plan Proxecta: Cada día de reparto de froita contamos cun cartel anunciativo da froita escollida (plurilingüe, nas linguas dos nosos países colaboradores), no cartel ademais aparecían unhas pequenas anotacións nutricionais de dita froita, aportados polo alumnado de primaria despois dunha búsqueda de información, que realizaron a través de recursos dos que dispoñemos na biblioteca do centro, de cada unha das froitas que íamos a consumir.

En colaboración con Voz Natura: - A biblioteca selecciona e adquire material bibliográfico para satisfacer as necesidades do profesorado para poder desenvolver este proxecto anualmente. Este ano versaba sobre o Patrimonio Cultural de Cervo, en relación co proxecto “Cervo Alén de Europa”

En colaboración co Concello de Cervo: Organización do IV FESTIVAL MUSICAL DO PEDROUZO, actividades de concienciación medioambiental, prevención de riscos e promoción da lectura.

En colaboración coa MICRORREDE DA MARIÑA: De forma conxunta todos os centros que integramos a MICRORREDE DA MARIÑA celebramos o DÍA DAS LETRAS GALEGAS, baixo o lema “A MARIÑA EN FEMININO”. Esta actividade xa se explicou anteriormente.

En colaboración cos servizos de formación de profesorado e outros:

- Cursos de formación non presenciais, mediante a plataforma Platega.

- Cursos de formación no propio centro: PFPP

- Cursos de formación presenciais organizados polo CAFI en Santiago de Compostela.

En colaboración co EDLG: Elaboráronse as PEZAS ÚNICAS, un CALENDARIO “LENDAS ALÉN DE EUROPA”, recomendacións lectoras audiovisuais para a recuperación dos nosos clásicos, neste caso “Memorias dun neno labrego”, o Noticieiro Alén de Europa, boletín de recomendacións de xogos en galego e outras moitas.

A existencia duns bos canles de comunicación entre o equipo de biblioteca e o resto dos departamentos e a comunidade educativa posibilita o bo desenvolvemento do Proxecto Interdisciplinar anual que coordina a biblioteca. Podemos pois concluír, que a implicación da comunidade educativa na biblioteca é moi alta e o papel que realiza o blog, moi importante posto que grazas a el facemos público o noso traballo cara ás familias.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A difusión dos traballos fíxose no propio colexio, con exposicións dos traballos realizados, tanto polo alumnado como polas familias; postas en común e xuntanzas na biblioteca para todo o alumnado, actuacións para as familias ao longo do curso, festival fin de curso, actuación en Viveiro dentro da semana de exposicións da Microrrede de A Mariña, aparicións nos xornais escritos e dixitais e principalmente a través do noso blog: <http://www.bibliocervo.blogspot.com>

No **xornal escolar** “NIN QUITO NIN POÑO” que se edita cada curso, teñen especial relevancia as actividades da biblioteca e ao seu proxecto anual. Mais, como se dixo, é a través do **blog da biblioteca**, BIBLIOCERVO, como espallamos o traballo do colexio. Dende a súa creación no ano 2007 sérvenos para difundir o día a día da nosa actividade. Tamén é un banco de recursos, pois nel están centralizados por temas e proxectos, os recursos atopados na web e os creados por nós. Deste xeito, tanto o alumnado como as familias ou a comunidade que segue o blog, pode acceder a eles. Os **trípticos informativos** e de recomendacións lectoras e cinematográficas achegaron ás familias as suxestións que lles faciamos sobre o proxecto. Nas **Mochilas viaxeiras** tamén introducimos materiais acordes ao proxecto desenvolto, o que nos asegura que todo o alumnado e todas as súas familias teñen acceso aos nosos recursos, o cal favorece a compensación de desigualdades.

Este ano tamén colaboramos coa **CRTVG**, que veu facer unha reportaxe sobre a “Diversidade Funcional” da man de Aspanane.

Ademais este ano creamos a nosa conta oficial de twitter: @CEIP_de_CERVO

A memoria da biblioteca de do proxecto realizado inclúese na MEMORIA XERAL ANUAL para a inspección educativa e máis lese no seo do consello escolar.

I. AVALIACIÓN.

Para a Avaliación inicial do proxecto analizáronse os medios cos que dispoñía o centro e a biblioteca, en particular para ver si estes eran axeitados para o traballo proposto e o cumprimento dos nosos obxectivos. Fíxose unha listaxe das necesidades de fondos a finais do curso pasado para así comezar co necesario.

A Avaliación Continua: levámola a cabo durante todo o proceso, analizando como se estaba a desenvolver este. A través dos traballos que se elaboraron e de cada unha das actividades desenvoltas, o equipo de biblioteca nas nosas xuntanzas, puidemos valorar si estabamos indo no camiño adecuado e si acadaban os obxectivos propostos.

A Avaliación Final: Levouse a cabo ao finalizar o proxecto para comprobar os resultados do mesmo. No mes de maio pasamos unhas enquisas, elaboradas por nós e baseadas no libro “Biblioteca Escolar entre interrogantes”, ao alumnado e ao profesorado onde entre moitos outros aspectos de xestión e organización tamén se pedía unha valoración do 1 ao 5 das diferentes actividades coordinadas pola biblioteca, entre elas as referidas ás do Proxecto “Cervo Alén de Europa: United Through Creativity”. Como se pode apreciar no gráfico, todas están moi ben valoradas.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

No caso do profesorado, analizáronse as diferentes actividades agrupándoas en categorías. No seguinte gráfico obsérvanse os resultados:

TIPOLOXÍA ACTIVIDADES	PUNTUACIÓN MEDIA GRAO DE SATISFACCIÓN
FOMENTO DA LECTURA	4
FORMACIÓN DE USUARIOS	3,5
INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E MULTIALFABETIZACIÓN	4
APERTURA Á COMUNIDADE ESCOLAR	3,5
ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	4

ACTIVIDADES	GRAO DE SATISFACCIÓN
	1 a 5
1. VISITAS DE ESCRITORES E ILUSTRADORES	4,59
2. AS MOCHILAS VIAXEIRAS/MOCHILAS ESCORNABÓTICAS	4,69
3. DÍPTICOS E TRÍPTICOS DE RECOMENDACIÓNS LECTORAS, NOVIDADES, O DÍA DA PAZ...	3,89
4. PROXECTOS MAKER/ DÍA DA CIENCIA EN GALEGO (MAQUETAS, RECREOS DE CIENCIA: DARWIN, DOMINGO FONTÁN)	4,71
5. KARAOKE DE AMOR	4,39
6. RECREOS DE POESÍA	3,58
7. FESTIVAL DE LENDAS GALEGAS: AS NOSAS LENDAS ALÉN DE EUROPA	4,46
8. NOTICIEIRO TV: “CERVO ALÉN DE EUROPA”	4,65
9. ACTIVIDADE COLABORATIVA: “ A MARIÑA: PENSANDO EN FEMININO”. AS NOSAS SUPERHEROÍNAS	4,26

Establécese como 4 como a puntuación máxima e 1 como a puntuación mínima, de acordo ás nosas enquisas.

En canto ao Blog: BIBLIOCERVO: <http://bibliocervo.blogspot.com.es/> Para avaliar a actividade do blog tivemos en conta o número de visitas diarias, as publicacións que se realizan, as estatísticas e tamén lle aplicamos unha rúbrica para analizar a súa calidade e os resultados obtidos foron moi positivos. Ademais podemos concluir que as visitas ao blog aumentan cada vez que hai novas publicacións, que as visitas son de todas as partes do mundo e que as visualizacións son tanto das entradas como dos enlaces e recursos que ofrece o blog. Finalmente, e recollendo as opinións e comentarios das familias, alumnado e profesorado, podemos dicir que foi un proxecto que entusiasinou a toda a comunidade educativa, tocáronse moitos conceptos e contidos de todas as áreas, traballouse de forma cooperativa e intercurso, todo o profesorado se implicou activamente, do mesmo xeito que o resto da Comunidade Educativa e os resultados foron sorprendentes!

J. FUNCIÓN DA BIBLIOTECA NO PROCESO.

A biblioteca escolar tivo a función principal en todo o desenvolvemento do proxecto, xa que actúa de motor dinamizador e cultural da nosa comunidade. Ademais, dende que pertencemos ao PLAMBE, o proxecto interdisciplinar da biblioteca pasou a integrarse no proceso de E-A plenamente e a ser o núcleo de todas as actividades do centro e todo o claustro se implica na súa posta en práctica. Deste xeito acadamos uns obxectivos que tiñamos marcados dende o inicio: *Potenciamos e melloramos a coordinación do profesorado do centro a través do plan lector e das distintas propostas da biblioteca e tamén melloramos a práctica docente a través da metodoloxía de proxectos e as alfabetizacións múltiples.* A biblioteca a través do seu equipo, planificou e programou as actividades, preparou materiais, centralizou recursos, xestionou e buscou asesoramento sobre o tema a traballar e púxose en contacto cos colaboradores externos que participaron. Tamén foi o lugar físico onde nos reuniamos para facer as exposicións e postas en común, os traballos de investigación, a formación e educación documental. Ao longo do curso, a biblioteca foi a referencia do colexio. Por outra banda, facilitou os fondos e recursos, puxo á disposición do profesorado e do alumnado todo canto material tiña e deuno a coñecer a través de exposicións, das mochilas viaxeiras e das caixas dos itinerarios lectores. Elaborou boletíns e audiovisuais con recomendacións lectoras e novas que difundiu entre o alumnado e as familias. Tamén se encargou de facer a avaliación do proxecto, ao longo do seu desenvolvemento e ao final, e deu a coñecer os resultados ao equipo docente. O seu papel, como se pode ver, foi fundamental para que este proxecto chegase a bo término. Rematamos co enlace á páxina web onde están aloxados os materiais e onde se poden ver todas as actividades deste proxecto: <https://sites.google.com/site/cervoalendeuropa/home>

En Cervo, a 28 de xuño de 2018

A Responsable da biblioteca:

Vº e P. do Director:

Belinda Blanco Fernández

Manuel Raúl Martínez Herrero